

Camiño penal 2025. Testemuños de presos

Mallorca

Somos un grupo de 23 persoas que vimos de Mallorca. Todos vimos cun reto, chegar ao final. Algúns con máis enerxía que outros. Pero todos estamos xuntos e loitamos polo mesmo, chegar a Santiago. Vimos cun propósito, deixar as persoas que eramos antes de chegar ata aquí. Algúns con máis problemas que outros, pero sempre mirando á fronte, deixar o pasado atrás e pensar no presente e no futuro. Para poder chegar ao cada un quere ser na vida.

Por unhas circunstancias na vida e pola miña mala cabeza, case quedo sen poder vivir esta experiencia. Por unha cousa ou por outra, déronme a oportunidade de facer o Camiño de Santiago. No segundo día fíxenme dano, case non podía continuar. Pero coa axuda dos meus compañeiros e unha pequena recuperación puíden terminar a experiencia. Por iso dígovos que nunca deixedes de loitar, nunca deixedes de crer e sempre seguíde adiante. Porque un pode caer, pero con axuda pódese levantar. Porque somos un grupo e sempre estamos unidos.

Quatre camins

Veño de Barcelona. Desde que saímos do centro penal sempre levamos un sorriso. Grazas aos compañeiros, que me axudaron moito. Hai catro meses nun permiso tiven un accidente en moto, tiven ruptura de ombreiro, a clavícula e o xeonllo, pensei que non ía chegar ao Camiño. Pero estou aquí. Na etapa rompepernas rompín e tiven que descansar, pero grazas a eles estou aquí. Fomos unha piña internos, funcionarios e traballadores sociais. Non tivemos diferenzas e fomos un bo equipo.

Quero resaltar que o Camiño de Santiago é como o camiño da vida. Todos os días son diferentes pero sabemos cal é a nosa meta.



Burgos

Nun primeiro momento, quería darvos o parabén a todos vós por terminar o Camiño de Santiago. En segundo lugar, quería lembrar a todos os peregrinos que estiveron cunha mochila cargada. Levaba unha bolsa pequena e cada día facíase máis pesada e parecíame que pesaba dous quilos máis. Outros fixeron o Camiño cun peso de cinco ou dez quilos.

Veño cun grupo de nove internos, cinco traballadores e catro voluntarios de Burgos. Quero dar as grazas a dona Bea, Natalia, Mireia, Alejandro, José Luis e Víctor, profesionais do centro penal. Tamén quero agradecer a David, que se estrea como delegado de Pastoral Penal en Burgos, a primeira persoa laica que foi nomeada para esa delegación.

Josémi, Unai e Andrea, que tamén estiveron co grupo de Cáritas.

Esta experiencia persoal e grupal foi moi importante para nós.

A superación vai vir cando saíamos en liberdade, porque fóra hai unha vida e as vidas que nos atopamos neste camiño atoparémolas fóra.

Tamén quería agradecer ao secretario xeral de Institucións Penitenciarias por estar aquí connosco hoxe e animaría que siga con este tipo de actividades. Evidentemente, o risco cero non existe. Sempre haberá algunha ovella descarreirada. Pero iso non significa que se poidan eliminar estas

actividades para os que realmente o fan moi ben. O único responsable de non reingresar á prisión, cando se fai unha saída, é o interno; non os profesionais nin os demais internos.

Por último, pido un minuto de silencio por todos os mortos que hai nas guerras, pola xente que faleceu nas misións, pola que faleceu de sida e outras enfermidades, que desgraciadamente a vida é así de inxusta.

Asturias

Antes de nada quero lembrar a todos os internos e internas dos centros penitenciarios que hoxe non poden facer este Camiño, pero que grazas ao esforzo de nós, seguramente nos posteriores anos poderán facelo con máis facilidade.

No noso caso, somos 14 persoas que saímos de Oviedo, e nos explicaron aí na catedral o Camiño Primitivo onde empezou a peregrinaxe de Santiago co rei Alfonso II o Casto. Fixemos o Camiño Primitivo e eu faríao hai tempo, pero outros compañeiros non, e como nos saíu este ano foi espectacular.

Estou súper contento, pois para min esta experiencia é unha pasada. Saímos mozos e mozas que estamos no Centro Penal, voluntarios e funcionarios e profesionais do centro. Polo camiño tivemos complicacións como é de esperar, pois é un camiño duro. Como hai xente que non está afeita a camiñar, xurdían complicacións e había quen non podía máis e sufría tanta dor que quería abandonar. Pero uns e outras fomos apoiándoos e viron que día a día podían continuar unha etapa máis. Non faltou xente que chorase, que non podía máis, que era moi duro. Pero este camiño, para min e para os meus compañeiros, é un reto de superación, de motivación cara aos demais.

Non é unha proba física facer o Camiño de Santiago, vir aquí a facer un percorrido porque quero facer deporte, senón que é algo máis espiritual, de humanidade, de estar cun mesmo, de superación. De superar os retos que a vida nos pon e que ás veces pensamos que non somos capaces de superar, por non crer en nós mesmos e ás veces fainos falta un compañeiro ou unha compañeira que nos anime e motive. Entón crécenos a autoestima e vemos que podemos chegar. Era unha felicidade ver como compañeiros e compañeiras, a pesar da dor, conseguíano. A min, nalgún momento parecíame difícil, pero crin en min mesmo, e crin no grupo que levabamos.

Quero agradecer tamén moito o apoio que levabamos, José e Chuya Mata, porque nos tiveron coidados en todo momento preparándonos o almorzo pola mañá. Todo foi espectacular como saíu. Tamén quería lembrar a Freddy, capelán da prisión que fixo a primeira etapa connosco, unha marabilla. E ás profesionais funcionarias que viñeron connosco, que foron encantadoras en todo momento e solidarizáronse connosco. Non houbo diferenzas de internos, de voluntarios, de profesionais, fomos todos un grupo que creo que conseguimos o propósito de superarnos, crer nas persoas e crer en nós mesmos. Tamén quería felicitar por todo isto ao labor de pastoral e en especial á delegada Ana, que tamén é a miña madriña de confirmación,

Espero que esta peregrinación a Santiago repítase moitas veces e cada vez mellor. Temos que crer en nós.

Botafuego

Chámome Juan Manuel. Vimos 11 persoas de Alxeciras, de Botafuego. Grazas ao Señor, ofrecéuseme facer o Camiño de Santiago. Foi bastante duro, e tiven que apoiarme nos meus compañeiros, equipos técnicos, educadores, psicólogos, enfermeiras, porque eu teño as miñas pernas feitas candeas, pero foi unha experiencia moi bonita. Quero agradecer ao padre Aurelio, a miña psicóloga Susana, ao meu educador don Juanjo, ao meu educador don Alfredo, a Azucena, a miña auxiliar de enfermería. Espero que Deus nos bendiga a todos e nos poida dar o noso terceiro grao canto antes.

Logramos a nosa meta. Eu pensaba que non ía chegar a alturas tan grandes, eses camiños tan

delicados, tan costa arriba e costa abaixo.

Pertenzo a un grupo de saúde mental. Son esquizofénico, teño teimas persecutorias, máis cousas, pero grazas á miña enfermeira, o meu equipo técnico, os meus educadores de prisión, o meu tratamento psiquiátrico, levo unha vida estable, isto a min axudou moito. Decateime de que 29 anos preso, son 29 anos que perdín os meus fillos, a miña familia, os meus pais, e xa é hora de que esteamos unidos ás nosas familias todos, porque a distancia arrefría as relacións. Se eu puiden cambiar, todos podemos cambiar. E que Deus vos bendiga a todos vós.

Córdoba

O meu nome é José Luis. É a primeira vez que fago o Camiño de Santiago. Non ía vir pero grazas a Deus estou aquí e conto a miña experiencia. Na vida sufrín baixadas, subidas, caídas gordas. Enchín toda a miña mochila de amargura, pena, tristeza, soidade, pero son crente e facendo o Camiño pedinlle axuda ao Señor e deuma

Fixen tamén unha promesa por un compañeiro. É unha experiencia indeleble. Fíxome conectar máis co Señor, son outra persoa.

Tiven un momento na miña vida no que me afastei, pero coñecín máis a Deus e son unha persoa nova.

O Camiño de Santiago fíxome recapacitar, pensar moito e valorar máis a vida e ser máis humilde nesta vida.

Quero dar as grazas á Fundación Bosco, dona Pilar, a directora do CIS, os colaboradores que fixeron posible o vir aquí e compartir este momento convosco.

Xaén

O meu nome é Manuel e veño de Jaén. Non esperaba vir ao Camiño. Da sorpresa pasei á alegría e logo veu un pouco o baixón ao ver que iría con compañeiros que non coñecía de nada, doutros módulos

Empezado o Camiño, estar en contacto con eles a verdade é que foi algo moi bonito: sen coñecernos de nada, todos os compañeiros tiñamos unha actitude familiar. Sabedes que en prisión facemos un mundo por calquera cousa, pero no Camiño non había malas caras. As paisaxes que vimos, os bosques, os aromas, as cores... é como estar noutro mundo, nun mundo de maxia.

Foron importantes as reflexións que fixemos, que permitiron coñecer mellor ao compañeiro, o que lle preocupaba. Foi algo moi familiar. Loxicamente, o Camiño espertou en nós a luz interior que tiñamos moi apagada.

Fixemos fronte ás dificultades que tivemos todos os compañeiros no camiño, que se as bochas... superouse todo e conseguimos chegar aquí. E a verdade é que foi unha experiencia única. Persoalmente, coñecín a alguén que non sabía que estaba dentro de min. Estaba, pero non estaba. Aquí espertou e fíxome ser outra persoa diferente. Outra persoa que me gustaría que seguise. Ou sexa, que cando termine o Camiño, e faga ese camiño da liberdade que todos os compañeiros e compañeiras queremos, pois que se prolongue. E así estaremos máis contentos.

Creo que para todo o mundo o Camiño é unha experiencia bonita, que si debemos tentar que non se nos quede aquí. ou sexa, que cando cheguemos o domingo ou o luns, que non quede en nada, senón que sexa un preámbulo da saída á liberdade.



Murcia (I)

Foi impresionante estar cos meus compañeiros e cos funcionarios, porque foron como unha familia. Traballo en cociña, son moi activo, encántame o deporte, falar con compañeiros, pero ultimamente estaba pechado en min mesmo, sen querer falar con ninguén. Levaba pasándoo mal un par de meses pensando na miña irmá que faleceu, pensando na miña nai que ten problemas de saúde, e a verdade é que esta saída quérolla dedicar a eles.

Este gran grupo moi familiar que temos no Camiño, abrímonos todos hai uns días falando dos nosos seres queridos que perdemos. Choramos e rimos. Grazas aos meus compañeiros, o Camiño resultoume moito máis ameno e fóronseme un pouco os problemas que tiven, sempre dentro, pero non pensando tanto niso. Quero dar as grazas a todos os meus compañeiros.

Murcia (II)

É o noso primeiro Camiño e espero que sexa o primeiro de moitos. Se Deus quere, o ano que vén, xa en liberdade, espero poder facelo coa familia.

A verdade é que foi un pouco duro, porque a primeira etapa foron 25 quilómetros, eu cansaba moitísimo, porque eu non son andar, son máis para comer. E a verdade é que María me daba un pouco de forza, dicíame que lle ofrecese este camiño a unha persoa en especial. E para min esa persoa en especial foi a miña avoa, que en gloria estea. E eu quérollo dedicar a ela.

Con esforzo pode conseguirse todo. O Camiño tamén me axudou a aumentar a miña fe en Cristo.

Pereiro de Aguiar

Fixemos o Camiño Espiritual, unha variante do Camino Portugués. Foi duro, pero gozámolo, con tantas partes bonitas como ten.

Tivemos moitas dificultades durante o camiño. Gastamos case unha farmacia en cremas e demais. Moita dor, pero ao mesmo tempo moita alegría entre nós. Tivemos momentos de risas, de pasalo ben. Foi moi especial compartir a cea con outros peregrinos e temos un párroco da pastoral que é un gran animador, moi alegre e celebramos unha festa antonte na cea na que o pasamos moi ben. Tivemos guitarra, un compañeiro dedicounos unha canción, tamén outro peregrino.

Bos momentos, o feito de identificar o noso corpo, sentir o cansazo. Pero a nosa cabeza segue adiante, co apoio dos compañeiros. É especial chegar aquí despois do cansazo. A última etapa que fixemos onte era dura, pero foi na que mellor fun camiñando. A que para min foi máis doada. Non sei se é que xa notaba que as pernas camiñaban soas porque estabamos a chegar ou polo motivo que fose, pero resultoume unha etapa moi cómoda.

Profesionais e internos eramos un grupo, considerabámonos un grupo. Ás veces excluímonos por certos roles que collemos en prisión, despois na sociedade énos complicado. Pero estas situacións facilitánnolo.



Pamplona

O meu nome é Frank e veño do centro penal Pamplona 1. Neste camiño puiden reflexionar sobre o que é a familia e o que son os amigos. a familia en si, son as persoas que nos acompañan todos os días. Poden tocarnos un pai malo, unha nai mala, uns irmáns malos, pero ao final son os que nos tocaron e non podemos cambialos. Cheguei á conclusión de que podemos escoller unha segunda familia conformada polos amigos. Aos que podo escoller e acompañarannos no camiño da vida. Si podes escoller quen queres na túa vida e quen non.

Tamén nestes días decateime do afortunados que fomos os meus compañeiros e eu ao poder compartir desta experiencia xunto a persoas marabillosas que aínda que non as coñeza eu de nada pois estes días compartir con eles foi coma se os coñecese de toda a vida e por iso quero dar as grazas á pastoral penal por todos estes días que compartimos xuntos.

Puerto de Santa María

Quero manifestar unhas palabras sobre a miña experiencia no Camiño de Santiago. Primeiramente, dándolle as grazas a Deus e á pastoral por esta oportunidade. Ao saír do centro tiña dúbidas do que ía ser isto, pero pronto se despexaron co trato recibido en todo o camiño. O sentirme libre, vivo en cada etapa, a pesar do cansazo, cada risa cos meus compañeiros que se converteron en amigos. Este cúmulo de emocións e vivencias e sentimentos durante o Camiño fixéronme pensar moito. No bonita que é a liberdade. Así que é a hora de cambiar de hábito e volver atoparse a un mesmo. A ser ese neno amable, gracioso, do que unha nai sempre está orgullosa. Por último, e non por iso menos importante, quero dar a grazas a todos os que fixeron isto posible: ao noso funcionario, don Rafael, á pastoral, a Guillermo, a Isma, ao educador, José Antonio, e ao noso pai, Paco. Fixemos o Camiño coma se fósemos unha familia. Moitas grazas a todos e que Deus vos bendiga.

Sevilla

Primeiro, agradecer que nos dean a marabillosa oportunidade de poder expresarnos a cada un como nos sentimos e de poder contar esta experiencia despois dun tempo en prisión. O vivido foi bastante grato. Comecei o Camiño de Santiago como un peregrino máis, non fun nada do outro mundo. Iso si, a verdade é que levaba unha pesada mochila ás costas. Pero non só levaba a mochila coa auga, a roupa, levaba como outra segunda mochila cunha forte carga, tanto emocional, espiritual, cargada de recordos. Chorei moito, recei tamén moito.

Teño moitísimo que agradecer. Teño tamén que cumprir moitos soños. A verdade é que este camiño dáme moita vida. Nel coñecín a persoas marabillosas, persoas que xamais crin que me atoparía. Agradecerlles aos meus compañeiros todo o apoio que tivemos e a oportunidade dada e o apoio forte da xunta de tratamento. Nunca crin que había tanto compañeirismo neste Camiño, tanta imaxe bonita, tanta humildade, tanto agarimo. En fin, conforme ían pasando os días, un vai reflexionando, cos compañeiros compartes ideas, houbo persoas nas que me apoiei, nunhas máis que noutras.

Imaxino que en todos os grupos houbo lesións. Eu me achegueime a axudar. E crédeme que non foi ningunha carga para min, ao revés, compartín moito con eses compañeiros, compartín moitas ideas, aprendín desas persoas. E iso fíxome ver a vida doutra maneira, empezar a aprender desas persoas e ter outros puntos de vista en calquera tipo de situación.

Houbo outros momentos nas etapas nos que estiven en soidade. Seguí reflexionando, seguí rezando, pedín pola miña familia, polos que non están. Tentei mesmo liquidar todos os problemas que tiven no pasado, tanto emocionais como de calquera tipo.

A sensación é inexplicable, conforme vas camiñando, paso a paso, falando contigo mesmo. E xa non só contigo mesmo senón que te conectas con Deus. E eu sei que conforme vas andando cada bágua que te vai caendo vaise soltando cada pedra que vai cargada na mochila e en cada etapa vas

sentindo máis en paz, vas sentindo como máis libre. E ao final sabes que acabas conectando con Deus, co apóstolo Santiago. Sei que eles a partir de agora, no meu novo camiño, van acompañarme, do mesmo xeito que me acompaña o Gran Poder de Sevilla.

Agora irei ver ao apóstolo Santiago, abrazareino, rezareille e pedireilles dúas cousas. A primeira será algo entre el e eu. E a segunda, pola saúde da miña familia. Creo que sen eles non sería posible ter unha vida de amor e paz. Para min é o maior apoio, a familia. Tamén por suposto, rezarei por todos vós e por esta xente marabillosa que me acompañaron nesta viaxe na que sentín moito agarimo, moito amor, moito apoio. E houbo escoita. Viva o apóstolo Santiago! viva Deus! viva o Gran Poder! e que vivan todos os peregrinos que me acompañaron!

Soto (I)

Queríamos dar as grazas a todo o equipo técnico, funcionarios, Paulino e ao director por facer isto posible. Por confiar en nós e darnos a oportunidade, por facernos sentir unha familia, por permitírnos vivir esta experiencia marabillosa que nos encheu a alma e fíxonos mellores persoas. Grazas por facernos ver que no camiño da vida pódese tropezar, caer e levantar. E que por máis pedras que un atope no camiño, a forza de vontade e o compromiso lévante sempre pola senda correcta. Grazas a todos os compañeiros, porque sen vós non sería o mesmo. Creo que falo no nome de todos cando digo que de aquí imos un pouquiño máis completos, porque non hai nada máis enriquecedor que viaxar e coñecer xente boa.



Soto (II)

Primeiramente, quero empezar agradecendo a Deus por permitírnos estar aquí neste marabillosa lugar. O Camiño de Santiago, máis aló de ser unha travesía física, convértese nunha viaxe onde a miña fe e a miña forza interior entrelázanse para un mesmo propósito. Desde o meu primeiro paso, a miña fe convértese no faro que guía cada camiño. Non se trata só de crenzas relixiosas, senón da convicción nun mesmo e no propósito deste traxecto. A fe proporciona a coraxe para afrontar as incertezas e persistir ante os desafíos que se presentan no camiño. Esta é a fe que se converte nun

compañeiro inquebrantable en cada xornada.

O Camiño de Santiago non é un camiño de rosas, está cheo de pendentes e descensos, rúas empedradas e paisaxes cambiantes. Cada paso implica un acto de superación persoal, un desafío que vai máis aló do físico. É unha oportunidade para descubrir a resiliencia que reside no corazón de cada peregrino. O Camiño de Santiago convértese nunha metáfora de vida, ensinándonos que non importa o longo ou difícil que sexa o carreiro, sempre podemos atopar a forza para avanzar. Isto era un reto para min e os meus 13 compañeiros. Tiñamos un propósito, con Deus e cun mesmo. E podo dicilo, compañeiros, lográmoslo.

Ás veces Deus dá un xiro ás nosas vidas e cambia os nosos plans porque os seus plans son mellores que os nosos.

E quero terminar dando grazas á Dirección do Centro, a todo o equipo técnico, aos funcionarios e, como non, a un anxo, Paulino. Grazas por depositar a confianza en nós, por devolvernos a esperanza e para poder seguir facendo o ben. Sabemos que as segundas oportunidades si existen. Grazas.

A Lama

Quero que todos nos sintamos representados e seguramente a maioría pensades igual ca min. E é que o Camiño é unha experiencia que deixa pouso, que nos deixa ese pouso na alma ou no corazón ou onde cada un queira.

Tamén quero dicir que o Camiño nos fai un pouquiño máis iguais ao resto da sociedade porque hai un nexo que nos une, que é a esperanza, en maior ou menor medida. Ao final, todos estamos aquí porque temos esperanza.

Quero agradecer a Don Juan que é o cura da pastoral penal; é un ser de luz, onde estea Juan non hai ningún problema, absolutamente ningún. E agradecer tamén ao equipo que nos acompañou no Camiño, que estes catro días foron moi amenos, moi amables, moi tranquilos. Fixéronnos sentir como persoas que somos, porque ao final non deixamos de ser persoas, independentemente de que esteamos a cumprir un castigo ou unha condena ou esteamos libres. Ao final somos todos persoas e o Camiño únenos un pouquiño máis a todos. Todos temos esperanzas.

Antonio Machado dicía, *camiñante non hai camiño, faise camiño ao andar*. Pero como bos galegos que somos, nós démoslle a volta, coa retranca galega e é... *O Camiño faínos a nós*. Moita sorte a todos.

A Lama (II)

A min gustaríame agradecer ao compañeiro do outro centro penal, da saúde mental, apoialo por dar a cara ao problema que ten ou que temos todos. Teño que estar agradecido, tamén caín no módulo de saúde mental, que agora segue avanzando. E dar as grazas aos centros pertencenariarios que teñen o módulo de saúde mental porque hai xente que queremos cambiar. E grazas tamén aos auxiliares que son internos tamén, que nos apoian. Grazas.

Bonxe

En primeiro lugar gustaríame que esta experiencia que estamos a facer hoxe, saíse nas televisións, porque igual que sae cando un preso ou un funcionario fai unha cousa mal, isto de hoxe debería estar en boca de todas as televisións. A xente pensa que no cárcere só hai miseria, apartan os centros fóra das cidades e din que somos insociables, cando é mentira. Non somos insociables, somos os máis sociables que hai. Fannos convivir nun espazo reducidísimo con moitísima xente.

Sobre o Camiño, agradecer a toda a xente que fixo posible isto. Demostraron ser unhas persoas cunha calidade humana increíble, a loxística, a intendencia, todo. Fomos un grupo perfectamente unido. Eu son pouco falador, deixáronme ir ao meu aire; logo, cando quería achegarme a eles contábanme un chiste, foi unha experiencia totalmente desintoxicadora do cárcere. Porque no cárcere manteño un diálogo comigo mesmo, coa miña alma que non me deixa vivir, desexo pelexarme co meu outro eu, non ves saída. En cambio, cando fun polo Camiño, todos eses pensamentos ruminantes que me atosigan a cabeza, deron paso a algo máis relaxante e máis amable.

Deus creounos para iso, axudarnos uns a outros, é a nosa esencia. Vino no Camiño, como os compañeiros curaban as bochas cunha delicadeza e un amor que non vexas.

Teixeiro

Sen decatarnos, empatizamos máis do que pensamos. O Camiño en si vainos facendo máis seres humanos, con distintas razas ou distintos problemas, pero tan parecidos ao mesmo tempo.

Son unha persoa que perdín familia, perdín todo. O meu obxectivo neste Camiño era chegar á catedral de Santiago, deixar todos eses problemas que teño encima, porque se non, non podo vivir. Agora, a miña intención é o camiño de volta, vir limpo, vir coa alma pura, vir sosegado.

Agradecer ás institucións, e sobre todo ás pastorais, por apoiar todo o que se levou a cabo, que espero que sexa por moito anos e máis e máis.

Invocación ao Apóstolo

Apóstolo Santiago, de novo congregámonos nesta magnífica Catedral un numeroso grupo de internos de distintos centros penais, acompañados de profesionais, voluntarios, responsables dos devanditos centros, a quen quero agradecer a confianza que depositaron en todos nós. Neste ano xubilar, sumámonos tamén a tantos peregrinos de esperanza, co anhelo de afrontar tantas situacións dramáticas que afectan hoxe ao noso mundo e tamén á propia historia persoal, non exenta de desalentos e frustracións. Unimos as nosas voces ás de tantos que esixen paz e respecto aos dereitos humanos. A historia persoal de moitos de nós non é precisamente unha historia de éxitos. Para moito non foi doado sobrevivir a limitacións, ausencia de oportunidades, rexeitamentos de parte da sociedade que ignora, deixa nas marxes e descarta a quen non se adaptan ás esixencias do sistema. Aí é onde a esperanza se converte en anda á que andamos. A esperanza que non defrauda, senón que nos alenta a seguir adiante. A esperanza ábrenos ao outro para ofrecerlle a man, considerándoo un amigo e un irmán, a superar medos, a acompañar soidades, a endereitar o torto, a denunciar falsidades. A esperanza estímúlanos a refacer o presente, aínda que pareza que nada queda por facer, que nada hai xa para tentar, pois do que se trata é de romper a rutina e mirar a realidade con ollos novos. Apóstolo Santiago, acompáñanos na nosa peregrinación cara á liberdade.

E xa na vida normalizada, amósanos camiños fermosos por onde transitar, que non nos falte traballo, nin teito onde acubillarnos, nin persoas que confíen en nós.

Polos pobres, desafiuzados, migrantes a quen se lle pecha as portas. Por tantos compañeiros que non conseguen desengancharse das adicións. Polos nosos seres queridos que acusan a nosa ausencia. Que a esperanza dun mañá mellor lles faga máis levadía esta situación.

Finalmente, intercede por nós ante o teu amigo Xesús, que abriu os ollos ao cego. Que axude, a quen ten poder de decisión, a ver tantas situacións inxustas e a enfocar solucións efectivas. Que ilumine aos que lexislan para que o fagan coa mirada posta nas necesidades dos máis desfavorecidos. Abranda o corazón dos que imparten xustiza para que esta sexa xusta e humana.

A paciencia e a esperanza nas posibilidades de cambio de quen nos nosos centros teñen a difícil tarefa de acompañar o noso proceso de reinserción. Iso dá o seu froito a longo prazo e no curto dignifica un traballo non sempre recoñecido. A esperanza chámanos á liberdade. O camiño convídanos a persistir sen desfalecer ata conseguila. Amén.